

Hai máis de corenta anos que se coñecen os efectos nocivos do amianto e porén os traballadores estiveron contaminándose ano tras ano, día tras día, sen que as distintas Administracións fixeran nada por evitalo. Este produto milagre polos beneficios económicos que comporta provoca milleiros de mortos no mundo. Malia que en Europa está xa prohibido na súa totalidade e que varios gobernos están xa desmontando o amianto instalado, o Estado español ten que escoitar a voz do conxunto da poboación exposta e que ten que facer o que outros gobernos: PROHIBILO e SUBSTITUILO.

Mentres os traballadores/as e os pequenos empresarios temos, teñen, que coñecer en que condicións se pode traballar, e que dereitos sobre a vixilancia da saúde se teñen que cumprir.

A saúde non se vende nin se delega polo que se fai imprescindible a participación de todos os traballadores/as e os seus representantes, desde o mesmo posto de traballo.

Coñecer o AMIANTO é a mellor maneira de vencelo.

Que é o AMIANTO?

O amianto ou asbesto é o nome que se dá a un grupo de minerais que existen na natureza e que consisten en fibras pequenas que se inhalan facilmente, e na actualidade é o principal contaminante ambiental canceríxeno que se coñece.

Como afecta o amianto á saúde?

A inhalación de partículas do amianto representa un grave risco para a saúde pública. A exposición ao amianto é un factor determinante no desenvolvemento de enfermidades respiratorias graves, e esencialmente de cancro.

É a substancia responsábel da maior parte dos tumores malignos. A contaminación con asbesto e provoca cancro nos pulmóns, no revestimento do peito ou da cavidade abdominal (mesotelioma) e o cicatrizado do tecido pulmonar, fibrose pulmonar (asbestose), e está asociado tamén con outros males: carcinomas gastrointestinais e de larinxe, existindo sospeita, non confirmada, de que o amianto pode producir outros cancros nos riles, ovarios e mamas.

Onde se atopa?

A maioría do amianto atópase en produtos de amianto-cemento, para a fabricación de losetas, taboleiros e tubos a presión. Como isolante térmico en caldeiras e tubos, como protección contra incendios de tabiques e vigas de edificios e para a mellora da resistencia ao lume da celulosa e outros materiais.

- Na albanelaría, cando se usa o amianto.
- Nos estaleiros e no despezamento de barcos.
- Na fabricación de filtros.
- Nas industrias de isolamentos de amianto.
- Nas industrias de cartonaxe amiántica.
- Industrias textís de amianto. Tintorería industrial.
- Industrias de amianto-cemento.
- Nas operacións de demolición de construcións.
- Na fabricación e reparación de zapatas de freo e embragues.
- Recubrimentos con amianto de tuberías e caldeiras.
- Transporte, tratamento e destrución de residuos.

Deberes do empresario

1. Antes de comezar calquera traballo con amianto débese INFORMAR aos traballadores/as das cuestións seguintes:
 - Do risco e o perigo para a saúde debido á exposición ao amianto.
 - Como limpar a área de traballo para reducir ao mínimo a produción de pó.
 - Como realizar o traballo para que se minimize o espallamento do amianto.
2. Só deben realizar traballos con amianto as persoas especificamente formadas.

Medidas preventivas e de protección

- Deben usarse métodos e ferramenta que produzan o mínimo nivel de pó.
- Se se utiliza un sistema de ventilación, a saída debe estar situada de maneira que o aire interior se canalice fóra do edificio.
- A área de traballo debe sinalizarse coa información: “Atención traballo con amianto”.
- Durante os traballos deben utilizarse equipos de protección individual(máscaras a presión positiva e con filtros de retención mecánica), e roupas protectoras (manoplas, protectores de zapatos, e monos que sexan dun material que repela as fibras e de material de refugallo).
- A empresa debe proporcionar aos traballadores/as unhas dependencias especiais e adecuadas para lavarse e mudarse.
- A empresa debe asegurarse de que a área de traballo se manteña limpa para previr a diseminación do amianto e para limitar a exposición dos traballadores a niveis inferiores aos niveis de control.

A saúde é o primeiro

Establece a Lei Xeral de Sanidade “vixiar a saúde dos traballadores para detectar precozmente e individualizar os factores de risco e deterioro que poidan afectar á saúde dos mesmos”.

Ademais desta Lei Xeral de Sanidade distinta lexislación complementa a vixilancia sanitaria específica para os casos de amianto. Resumidamente os traballadores/as expostos e os empresarios responsábeis, teñen a obriga de coñecer os contidos máis elementais para a vixilancia sanitaria específica.

A historia laboral para unha historia clínica é imprescindible para o seguimento da saúde dos traballadores/as expostos. Esta historia clínica basearase no recollido no Regulamento sobre Traballos con risco de amianto segundo a orde do Ministerio de Traballo correspondente.

Exame de saúde inicial: Todo traballador/a antes de ocupar un posto de traballo onde exista amianto, deberá ser obxecto dun exame previo para determinar desde un punto de vista sanitario a súa capacidade específica para traballos con risco de amianto.

Constará de:

- Historia laboral interior
- Historia clínica.
- Exploración clínica que consta de: inspección, auscultación, estudo radiolóxico, estudo respiratorio, consello sanitario antitabaco.

Exame de saúdes periódicos: en canto se desenvolvan actividades en ambiente de traballo con amianto os exames de saúde serán periódicos, con periodicidade anual sobre os traballadores e traballadoras:

- Potencialmente expostos ou que estiveran con anterioridade.
- E tamén para os que en ningún momento o estiveran anteriormente.

Ademais, cada tres anos: estudo radiográfico e estudo funcional respiratorio.

Exames de saúde postocupacionais: A vixilancia periódica da saúde é un dereito que temos os traballadores e traballadoras, incluso prolongándoa máis alá da finalización da relación laboral, polo tanto todos os traballadores que conten con antecedentes de exposición a amianto someteranse a recoñecementos médicos, que serán dunha periodicidade, contidos e criterios de aplicación similares aos recoñecementos médicos periódicos das persoas en activo.

Tes que saber que os teus dereitos non prescriben e a responsabilidade dos empresarios e da Administración tampouco.

Se xa non traballas e tes os síntomas da abestose: fatiga, dificultade ao respirar, tos, dor, opresión no peito, adelgazamento, perda do apetito, acode ao teu médico e informa de que traballaches con amianto.

Cando a enfermidade se manifesta XA ESTÁ INSTALADA.

A cuestión medioambiental

Os residuos de amianto ou que conteñan amianto, incluídos os resultantes de operacións de limpeza e mantemento, deben recollerse en recipientes herméticos e adecuadamente identificados (etiquetados).

Os contedores con residuos de amianto transportaranse o máis rápido posíbel fóra da zona de traballo a un almacén axeitado para a súa recollida polo transportista/xestor de residuos autorizado.

A xestión de residuos de amianto deberá realizarse segundo as disposicións locais, autonómicas e estatais existentes sobre residuos perigosos en cumprimento do R.D. 952/97 BOE 5-7-97 que os cualifica como residuos perigosos.